

Leilía é o nome que agocha unha formación de seis mulleres que **nace no ano 89** co propósito de recuperar do esquecemento a música de tradición oral galega ao son de pandereitas e voces o que constituiu naquel momento unha aposta pioneira e atrevida xa que daquela a música das pandereiteiras estaba relegada a servir de mero acompañamento aos grupos de baile, pero pronta a súa iniciativa veu agromar os seus froitos, grazas á singularidade, beleza e forza da súa música.

Así Leilía abre un camiño propio ao publicar no ano **94** o seu primeiro disco titulado "**Leilía**" (Dismedic) composto exclusivamente por pezas tradicionais. Nesta mostra etnográfica as melodías evocan un tempo pasado, que, a pesares de agonizante, resístese a se esvaecer e que obtivo un fondo recoñecemento non só da crítica senón tamén dun público que comeza a interesarse por un xeito de expresión oral ata daquela descoñecido en moitos sectores da sociedade galega.

Unha vez creada a raíz, o fundamento da súa existencia, Leilía atrévese a dar un paso máis esta vez, buscando, a través da evolución, achegar a música do pasado ao presente, facer que a música tradicional, adubada con instrumentos da música contemporánea, chegue a formar parte das melodías de hoxe en día. É así como nace o seu segundo disco editado no ano **98** por Virgin Records "**I é verdade i é mentira**" baixo a produción musical de Nando Casal e Antón Seoane, membros de Milladoiro, disco que aínda hoxe continua esgotado.

Con este novo paso foi moito o público que se achegou a un mundo que antes descoñecía, conquerindo Leilía o seu obxectivo non deixar morrer a tradición oral galega. Este feito é o que lles da enerxía para seguir polo seu camiño.

No ano **2003** publican o seu terceiro traballo "**Madama**", (Discmedi) no que ademáis da incorporación de novos instrumentos e polifonías, incorporan novas letras ás súas melodías, algunhas delas escritas por Suso de Toro quen as definiu como "as voces secretas do canto galego". Son letras que falan de temas actuais, do amor universal (Hei de estar alí), do desamor (Vai dando a volta), do canto á terra (Deusa Antiga), da guerra (Pedras contra tanques), canción coa que obtiveron no ano 2004 o Premio á mellor canción en galego concedido pola Academia *de las Artes y de*

las Ciencias de la Música.

No ano **2005** publican "**Son de Leilía**" (Leilear) un percorrido pola historia do grupo no que se mesturan pezas tradicionais e outras froito do seu repertorio menos coñecido e das colaboracións que foron xurdindo con artistas como Milladoiro, Budiño, Bleizi Ruz, Kepa Junquera e outros, xunto a temas inéditos como a peza central da banda sonora da película *Fisterra*, baixo a dirección musical de Pepe Nieto.

Paralela á súa produción discográfica discorre a súa vida nos escenarios que as leva a percorrer a xeografía europea e americana participando ademais en espectáculos como o Hent Sant Jaquez, que acadou o recoñecemento da crítica europea ao ser nomeado como o mellor espectáculo folk europeo do ano 1993 polo "European Forum Woldwide Music Festivals".

O seu canto, a súa forza e a seguridade coa que defenden o seu traballo, xunto á conxunción exquisita cos instrumentos que aportan a modernidade, fan que presenciar un concerto de Leilía se convirta nunha marea de sensacións e sentimentos que nunca deixan ao público indiferente.

Leilía son:

Felisa Segade Otero.

Patricia Segade Otero.

Ana Rodríguez Gómez.

Rosario Rodríguez Gómez

Mercedes Rodríguez Vázquez.

Montse Rivera Crespo.